

PLAN DE ACOLLIDA NO CURSO 2020-2021

CEIP SAN VICENZO DE VIMIANZO

***Elaborado tendo en conta as medidas establecidas no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 e as INSTRUCCIÓN DO 30 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN.**

**Este é un plan vivo, adaptable e modificable, no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello, Consellería) farán as súas achegas asumindo as función que lle corresponden, xa que o Equipo Directivo e Docente do centro non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitaria.*

ELABORACIÓN: CURSO 2020-2021

ÍNDICE

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PARA O CURSO 2020-21

- I. COMEZO DAS CLASES
- II. ENTRADAS E SAÍDAS
- III. RECREOS
- IV. TUTORIAS E REUNIÓN INICIAL COAS FAMILIAS
- V. SERVIZO DE BIBLIOTECA DE TARDE
- VI. COMEDOR
- VII. CLAUSTROS, CONSELLOS ESCOLARES E REUNIÓNS

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

4. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS AO CENTRO

- I. FORMAS DE COMUNICACIÓN
- II. AULA VIRTUAL
- III. COMUNICACIÓN EN CASO DE SINTOMATOLOXÍA COVID 19



1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PARA O CURSO 2020-21

I. Comezo das clases:

O curso escolar comezará o día 10 de setembro coa incorporación dos seguintes grupos:

- 4º de infantil (a determinar polas titoras o período de adaptación establecido)
- 5º de infantil
- 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

O día 11 de setembro engadiranse a estes grupos os cursos de:

- 6º de infantil
- 4º, 5º e 6º de primaria

Quedando deste xeito todo o alumnado incorporado o día 11 de setembro, e dicir, o día 11 virán xa todo o alumnado ao centro.

II. ENTRADAS E SAÍDAS:

A. PORTAS:

- Diferenciamos 3 portais de acceso ao colexio:

- Portal de buses (atrás)
- Portal de parque.
- Portal de pavillón.

B. HORARIOS:

- O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é **evitar as aglomeracións e os tempos de espera** nas entradas e saídas.

- O **éxito** desde plan vai **depende** do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.

- O alumnado que non chegue puntual terá que entrar na 2º hora da mañá posto que entrar a desora suporá a mestura con outros grupos distintos do seu e un risco para todos.

Respectaranse as seguintes PORTAS e HORARIOS de entrada - subida- saída do centro:

PORTA	GRUPOS	HORA ENTRADA	HORA DE SUBIR á aula	HORA SAÍDA
BUS	TODOS BUSES	9:20h	Segundo chegan	15.30
PARQUE	3º-4º	9.20h	9.25h	14.25h
	1º-2º	9.25h	9.30h	14.20h
PAVILLÓN	5º-6º	9.15h	9.20h	14.30h

✚ Educación infantil:

- *Entrada:* entre 9.30h pola porta do parque e van facer fila ao ximnasio no espazo habilitado para cada grupo.
- *Saída:* entre as 14:05(comezan a baixar) e as 14.15 h. As familias que veñen a recollelos deben estar sobre as 14.10 no portal.

III. RECREOS:

a. HORARIOS: 12.00 h a 12.30h

b. ZONAS ASIGNADAS: Tendo en conta o Protocolo establecido pola XUNTA de Galicia, no recreo ao aire libre configuraranse “grupos estables por zonas” e deberán levar posta a máscara en todo momento.

○ PRIMARIA

-Zona do Pavillón ata a porta do ximnasio: 1º - 2º EP

-Da porta de ximnasio a canastras 3º- 4º EP

-Zona de canastras e zona de area e patio cuberto: 5ºEP - 6º EP.

Cada zona será vixiada por un mestre para garantir que os nenos/as respectan as zonas asignadas e as normas establecidas.

○ INFANTIL:

- Patio de infantil cos mestres correspondentes de garda.

Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula, e, usando máscara. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante o recreo. O

profesorado de garda controlarán as visitas aos aseos de maneira que vaian de un en un.

IV. TITORIAS e REUNIÓN INICIAL COAS FAMILIAS:

- As titorías levaranse a cabo os luns de 17h a 18h.

- Serán preferentemente preferiblemente por vía telefónica. No caso de ser preciso facela presencial será sempre no horario establecido polo centro para as titorías. A titora será a encargada de recollelos no portal do parque e acompañalos na entrada garantido que se cumpren as medidas hixiénicas establecidas para o acceso ao centro.

- En ambos casos será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles establecidas:
Abalar, axenda do alumno, teléfono.

*Todas as familias do centro deben contar coa aplicación **Abalar descargada e activada** para recibir os avisos e novas do centro, no caso de que non o teñan deben comunicalo para que se lle proporcione a información necesaria para facelo.

- Terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes **medidas** co fin de garantir a seguridade tanto da familia como das mestras:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de que nalgunhas destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade.

-As **reunións iniciais** coas familias faranse de xeito presencial antes do inicio das clases. Os días previstos para a súa realización son o 7, 8 e 9 de setembro. Serán os mestres os encargados de citar ás familias para o día e hora establecidos para cada curso, co fin de evitar aglomeracións no centro e de que se cumpran as medidas de seguridade establecidas.

V. SERVIZO DE BIBLIOTECA DE TARDE:

No centro **ofértase o servizo de biblioteca de tarde** para aqueles **usuarios de primaria** que o desexen, co fin de garantir unha mellora nas posibilidades de conciliación familiar. Hai un número



limitado de prazas para o seu uso, tendo en conta as características do espazo e recursos dos que se dispoñen.

Neste curso o número de prazas quedará reducido ao 50%, co fin de garantir a seguridade dos usuarios, polo que o **número máximo de alumnado será de 10 usuarios/día** que deberán **permanecer separados un en cada mesa** mantendo a distancia recomendada cos demais alumnos e alumnas e **manterán posta a máscara**.

Haberá dous mestres de garda, sempre que a organización do centro o permita. Os dous mestres encargaranse de que os nenos usuarios se senten por separado nas mesas existentes e que cumpran as normas establecidas.

VI. COMEDOR:

- Debido á capacidade xeral do comedor o alumnado comerán nunha única quenda en horario de 14.30 ás 15.30.
- Os alumnos distribuiranse en filas organizadas por grupos estables de convivencia.
- Haberán unha distancia mínima de 1.5 metros entre cada fila, **tal como establece o protocolo**, co fin de garantir a distancia entre os distintos grupos.
- Asignaráselle a cada alumno/a un lugar estable para que coman sempre no mesmo sitio.
- O alumnado de EI comerá no comedor destinado para eles, tamén agrupado por aulas, respectando os grupos estables de convivencia e as distancias establecidas de xeito similar aos de primaria. Baixarán antes ao comedor para que as coidadoras podan colocalos no lugar correspondente por orde, evitando o cruce co alumnado de primaria.
- As saídas e entradas do comedor serán ordenadas, respectando as quendas asignadas a cada grupo.
- O persoal colaborador será sempre o mesmo asignado a cada espazo.

VII. CLAUSTROS, CONSELLOS ESCOLARES E REUNIÓNS:

Serán:

- a. *Presenciais*, sempre e cando a evolución da COVID o permita. Neste caso as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente. En principio, a sala de mestres reúne estas condicións



pero podemos optar tamén polo uso da biblioteca para garantir maior distanciamento.

b. *Telemáticas, no caso de que a situación do COVID nolo esixa.*

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Establecemos as seguintes medidas:

- O alumnado accederá e permanecerá con máscara a aula de maneira xeral.
- Terán unha “riñoneira” ou similar para levar sempre consigo a máscara de reposto (tal como se recolle no PROTOCOLO DA XUNTA) e un paquete de panos propio. Ademais terán unha bolsa con asas para poder colocala no gancho lateral das mesas mentras están na aula. Nesta bolsa gardarán tamén o seu bote de xel hidroalcohólico de uso persoal, para evitar desprazamentos nas rutinas de limpeza básicas levadas a cabo ao longo da xornada na aula.
- Distribución de espazos para que a distancia de traballo aumente entre o alumnado con respecto ao habitual.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- Formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos.
- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- O material común empregárase o menos posible, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- En Educación Física intentarase que o emprego de materiais sexa o menor posible e, no caso de usalo, será responsabilidade do mestre que se desinfecte ao rematar a sesión.



- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada. As clases e as sesións rematarán 5 minutos antes co fin de garantir desprazamentos tranquilos e ordenados. Irán sempre acompañados por un mestre que garanta os desprazamentos ordenados.
- As especialidades, agás EF e música, impartiranse na medida do posible, na aula ordinaria do grupo.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a ou encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.
- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotas alcancen unha maior distancia.
- Cada mestre velará polo cumprimento das medidas de seguridade na aula e no centro. Será necesaria a colaboración das familias na concienciación da importancia de respectalas e manter as medidas de seguridade tamén fóra do centro, co fin de traballar todos cara un mesmo obxectivo.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun “pequeno” esforzo.

3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- **Corresponde ao Concello de Vimianzo a limpeza do centro, así como a asignación de tarefas ao persoal de limpeza acorde co protocolo establecido pola Xunta:**
 - Ventilación das aulas antes da chegada do alumnado.
 - Limpeza/desinfección dos baños varias veces ao longo da xornada lectiva.

- Limpeza dos pasamáns e zonas comúns.
 - Limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común.
 - Limpeza e desinfección dos despachos
 - Limpeza e desinfección da sala de mestres, bibliotecas, ximnasio...
- En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

*** Esta asignación de tarefas está pendente de validación por parte do Concello, este apartado será revisado.**

- En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada pola conserxe/limpadora. O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.
- Será preceptivo colocar carteleira informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.
- Incluír nas rutinas xerais de aula os momentos de lavado e desinfección de mans, así como o mantemento do lugar de traballo ornado e desinfectado. Realizarase unha rutina de hixiene antes do momento das merendas.
- Constituirase o Equipo Covid que actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.
- Nesta avaliación non se propón o uso da grupal da biblioteca por ser un espazo común e evitar así a posibilidade de contaxios por contacto entre distintos grupos (valorarase o seu uso para este fin dependendo da evolución do curso)
- Aseos:
 - O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
 - A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.
 - Todos os aseos terán carteis sobre o correcto lavado de mans.
- Todo o profesorado e alumnado, así como calquera persoa que acceda ao centro **deberá levar posta a máscara** e respectar as medidas básicas de hixiene establecidas no centro (lavado ou desinfección de mans, distancias principalmente).

4. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS AO CENTRO

- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a **web do colexio** pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanvicenzo>
- Como sistema de mensaxería empregaremos **Abalarmóbil**, é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comunicacións alleas a esta canle. Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será o **correo electrónico**, a chamada **telefónica** ou a **axenda escolar**.
- A información cos provedores xa se realiza habitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.
- **AULA VIRTUAL**:

Este ano o noso asesor de Abala habilitará unha aula virtual para o centro. Cada mestre (especialistas e titores) terá o seu **código de acceso** e outro para que poda entrar o seu grupo de alumnos/as. Os titores deberán informar ás familias e alumnado de cómo acceder e de cal é o seu contrasinal para acceder á aula correspondente. As familias deben comprobar o acceso dende ás súas casas e en caso de dificultade comunicalo ao titor.

Esta aula utilizarase para que cada mestre colgue os contidos das distintas materias, así como outros materiais didácticos, para que o alumnado e familias podan acceder dende as súas casas, en especial no caso de que teñamos que optar en algún momento pola modalidade de ensino á distancia.

COMUNICACIÓN EN CASO DE SINTOMATOLOXÍA COVID 19

- As familias deben avisar ao centro en caso de que o alumno/a presente sintomatoloxía ou posibilidade de ter COVID 19. Darse esta circunstancia, este non poderá acudir ao centro en ningún caso. O aviso debe facerse **preferiblemente a través de chamada telefónica ao Centro (881 866 532)** ou utilizando o correo electrónico :ceip.sanvicenzo@edu.xunta.es
- A familia debe poñerse en contacto co Centro Médico de referencia para realizar o procedemento que lle indiquen para levar a cabo as probas do COVID 19 e manter informado ao centro.